


## Grao en Bioloxía

# Curso 2019-2020

# Índice


| | |
|---|---|
| 1. Presentación do Plan de Acción Titorial | 5 |
| 2. Obxectivos | 6 |
| 3. Os axentes implicados e as súas funcións | 8 |
| Recursos humanos | 9 |
| Recursos materiais | 12 |
| 4. As actividades do PAT | 14 |
| Accións de Organización | 14 |
| Accións de Acollida | 16 |
| Accións de Apoio á Formación | 17 |
| Accións de Orientación Profesional | 18 |
| Atención á Diversidade | 18 |
| 5. A avaliación do PAT | 19 |
| ANEXOS | 21 |
| Anexo I. Programación do PAT para 1º de Grao | 23 |
| Actividades de titoría de 1º de Grao | 25 |
| Calendario de 1ºde Grao | 25 |
| Listados de titores/as e alumnos/as de 1º de Grao | 28 |
| Fichas de evidencias de 1º de Grao | 30 |
| Anexo II. Programación do PAT para 2º de Grao | 35 |
| Actividades de titoría de 2º de Grao | 37 |
| Calendario de 2º de Grao | 38 |
| Listados de titores/as e alumnos/as de 2º de Grao | 40 |
| Fichas de evidencias de 2º de Grao | 42 |
| Anexo III. Programación do PAT para 3º de Grao | 45 |
| Actividades de titoría de 3º de Grao | 47 |
| Calendario de 3º de Grao | 48 |
| Listados de titores/as e alumnos/as de 3º de Grao | 50 |
| Fichas de evidencias de 3º de Grao | 52 |
| Anexo IV. Programación do PAT para 4º de Grao | 55 |
| Actividades de titoría de 4º de Grao | 57 |
| Calendario de 4º de Grao | 58 |
| Listados de titores/as e alumnos/as de 4º de Grao | 60 |
| Fichas de Evidencias de 4º de Grao | 62 |
| Anexo V. Cuestionario de satisfacción dos/as titores/as do PAT | 67 |
| Cuestionario de satisfacción dos/as titores/as para todos os cursos do Grao | 69 |

# 1. Presentación do Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial da Facultade de Bioloxía configúrase como o instrumento a través do cal se deseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria. Supón superar o modelo especificamente académico unicamente preocupado pola transmisión de coñecementos e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socio-educativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor-alumno, alumno-alumno, etc.

Con dito plan preténdese consolidar unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do alumnado, normalizando as distintas accións e alcanzando un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior. Neste senso o plan trata de dar coherencia a un dos principios polos que aposta o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía: a adecuación de métodos de ensinanza e aprendizaxe e á adquisición de competencias do alumnado, atención á diversidade, orientación á aprendizaxe, orientación laboral, etc., recollidos dunha forma ampla en distintos capítulos do manual de Calidade e os Procedementos que o centro ten deseñado no marco do Real Decreto1393/2007 de 29 de outubro e RD 861/2010 de 3 de xullo de 2010.

O presente documento responde ao procedemento clave de Orientación ao Estudante (DO-0203P1) constituíndo en si mesmo o rexistro R1-DO-0203P1.

O Plan de Acción Titorial pretende contribuír a unha educación global dirixida ao desenvolvemento integral dos estudantes e engloba as seguintes dimensións:

| Dimensión | Descrición |
|---|---|
| Académica | Referida a aspectos da vida universitaria: plans de estudo, elección de materias... |
| Persoal | Relacionada con problemas persoais, familiares, emocionais, afectivos e de educación en valores... |
| Social | Destinada a cuestións como información sobre axudas e servizos de organismos nacionais, europeos ou internacionais... |
| Administrativa | Relativa a información sobre requisitos administrativos, matriculación, convalidacións... |
| Profesional | Máis relacionada co a preparación e desempeño do posto de traballo... |

# 2. Obxectivos

Durante o curso académico 2019-2020 a Facultade de Bioloxía, márcase os seguintes obxectivos:

| 2.1 Obxectivos Xerais |
|---|
| - Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade. |
| - Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor. |
| - Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria. |
| - Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar, etc. |
| - Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo. |
| - Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para acadar progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo. |
| - Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo. |

| 2.2 Obxectivos Específicos |
|---|
| - Facilitar e mellorar a integración dos estudantes na vida académica. |
| - Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida. |
| - Reducir a taxa de abandono. |
| - Aumentar a taxa de eficiencia e a taxa de graduación. |
| - Mellorar a información dos estudantes en relación co centro e a universidade. |
| - Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos. |
| - Detectar problemas que afectan ao alumnado en el ámbito académico (relacionadas con la planificación e desenrolo das ensinanzas). |
| - Promover vías de solución a os problemas transmitidos polo alumnado. |
| - Orientar e fomentar a inserción laboral do alumnado. |

A consecución dos obxectivos marcados require da participación de diferentes axentes do sistema universitario, así como do desenrolo dunha serie de actividades que formalizan a relación entre os/as titores/as e os/as alumnos/as.

# 3. Os axentes implicados e as súas funcións

No desenvolvemento do Plan de Acción Titorial da Facultade de Bioloxía interveñen distintos axentes que atinxen a propia Facultade de Bioloxía, pero tamén a distintos servizos da Universidade. Todos eles se relacionan a continuación:

| Axentes implicados | Funcións |
|---|---|
| Equipo Decanal<br>Coordinadores/as do PAT | Deseño e xestión do PAT |
| Equipo Decanal<br>Comisión de Calidade<br>Xunta de Centro | Aprobación do PAT |
| Equipo Decanal<br>Coordinadores/as do PAT | Presentación do PAT |
| Titores/as de alumnos/as<br>Coordinadores/as de curso<br>Coordinadores/as do PAT<br>Equipo Decanal | Implantación |
| Coordinadores/as do PAT<br>Coordinadores/as de curso<br>Titores/as | Coordinación e Seguimento |
| Biblioteca da UVigo<br>Fundación Universidade de Vigo<br>Área Benestar, Saúde e Deporte<br>Área de Igualdade<br>COBGA | Apoio/Colaboración |
| Coordinadores/as do PAT<br>Coordinadores/as de curso<br>Titores/as<br>Alumnos/as | Avaliación |
| Coordinadores/as do PAT<br>Comisión de Calidade | Análise de Resultados e Elaboración da Memoria Final |

As accións directas que posibilitarán o desenrolo das actividades concretas do PAT durante o curso 2019-20 implican recursos humanos (incluíndo os propios do centro e os alleos) e recursos organi-

zativos propios da Facultade de Bioloxía, que serán destinados a tal fin. Ademais, contarase con unha serie de recursos materiais que a Facultade pon a disposición do PAT.

## Recursos humanos

A realización eficaz do traballo de titoría supón unhas condicións de organización, de actividade persoal e de distribución de espazos e de tempo que se deben satisfacer. No seguinte cadro reflíctense os datos que fan referencia aos recursos humanos implicados no PAT da Facultade de Bioloxía no curso 2019-20.

| Recursos Humanos implicados no PAT | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Organización/Coordinación do PAT** | | | | |
| **Nome** | **Función** | **Ubicación** | **Teléfono** | **Correo** |
| Jesús M. Míguez Miramontes | Responsable do PAT | Decanato | 811977 | jmmiguez@uvigo.es |
| Mercedes Gallardo Medina | Coordinadora do PAT | Vicedecanato | 811976 | medina@uvigo.es |
| Mª Fuencisla Mariño Callejo | Coordinadora do PAT | Vicedecanato | 811976 | mmarino@uvigo.es |

| Coordinadora e Titores/as de 1º Grao | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nome** | **Función** | **Ubicación** | **Teléfono** | **Correo** |
| Mª Fuencisla Mariño Callejo | Coordinadora | LI47, bloque B, 2ª planta | 812580 | mmarino@uvigo.es |
| Guillermo Francés Pedraz | Titor | D45 bloque C, 3ª planta | 812633 | gfrances@uvigo.es |
| Mercedes Gallardo Medina | Titora | LI17, bloque A, 1ª planta | 812597 | medina@uvigo.es |
| Pedro Pablo Gallego Veigas | Titor | LI20, bloque A, 1ª planta | 812595 | pgallego@uvigo.es |
| Luis González Rodríguez | Titor | LI21, bloque A, 1ª planta | 812594 | luis@uvigo.es |
| Marcos A. López Patiño | Titor | LI25, bloque A, 2ª planta | 812564 | mlopezpat@uvigo.es |
| Jesús M. Míguez Miramontes | Titor | LI31, bloque A, 2ª planta | 812386 | jmmiguez@uvigo.es |
| Rogelio Santiago Carabelos | Titor | LI5, bloque A, planta baixa | 813727 | rsantiago@uvigo.es |
| Mª del Pilar Suárez Alonso | Titora | LI56, bloque B, 3ª planta | 812574 | psuarez@uvigo.es |

| Coordinadora e Titores/as de 2º de Grao | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nome | Función | Ubicación | Teléfono | Correo |
| Aída García Molares | Coordinadora | Vicedecanato | 813466 | molares@uvigo.es |
| Esther Barreal Modroño | Titora | LI20, bloque A, 1ª planta | 812009 | edesther@uvigo.es |
| María Calviño Cancela | Titora | LI60 bloque C, 2ª planta | 818742 | maria@uvigo.es |
| Antonio Carvajal Rodríguez | Titor | D23, bloque B, 3ª planta, | 813828 | acraaj@uvigo.es |
| Josefina Garrido González | Titora | D8, bloque B, 2ª planta | 812581 | jgarrido@uvigo.es |
| Angel Pérez Diz | Titor | D23, bloque B, 3ª planta | 813828 | angel.p.diz@uvigo.es |
| Emilio Rolán Álvarez | Titor | LI51, bloque B, 3ª planta | 813827 | rolan@uvigo.es |
| Esperanza Sanmartín Carbón | Titora | D29, bloque C, 2ª planta<br>D117 Fac. Económicas | 812445<br>812414 | esanmart@uvigo.es |
| José L. Soengas Fernández | Titor | LI25, bloque A, 2ª planta | 812564 | jsoengas@uvigo.es |

| Coordinador e Titores/as de 3º de Grao | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nome | Función | Ubicación | Teléfono | Correo |
| Humberto Quesada Rodríguez | Coordinador | D23, bloque B, 3ª planta | 818681 | hquesada@uvigo.es |
| Armando Caballero Rúa | Titor | D14, bloque B, 3ª planta | 812568 | armando@uvigo.es |
| Mª Luisa Castro Cerceda | Titora | LI22, bloque A, 1ª planta | 812599 | lcastro@uvigo.es |
| Emma Fernández Covelo | Titora | D21, bloque B, 3ª planta | 812561 | emmaf@uvigo.es |
| Emilio Gil Martín | Titor | D12 bloque B, 3ª planta | 812570 | egil@uvigo.es |
| Raúl Iglesias Blanco | Titor | LI38 bloque A 3ª planta | 812394 | rib@uvigo.es |
| Mª Fuencisla Mariño Callejo | Titora | LI47, bloque B, 2ª planta | 812580 | mmarino@uvigo.es |
| Manuel Megías Pacheco | Titor | D22, bloque B, 3ª planta | 812560 | mmegias@uvigo.es |
| Juan J. Pasantes Ludeña | Titor | LI68, bloque C, 2ª planta | 812577 | pasantes@uvigo.es |
| Nuria Pedrol Bonjoch | Titora | LI16, bloque A, 1ª planta | 812616 | pedrol@uvigo.es |
| Manuel A Pombal Diego | Titor | LI16 bloque A, 2ª planta | 812390 | pombal@uvigo.es |

| Coordinadora e Titores/as de 4º de Grao | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nome** | **Función** | **Ubicación** | **Teléfono** | **Correo** |
| Esther Barreal Modroño | Coordinadora | LI20, bloque A 1ª planta | 812595 | edesther@uvigo.es |
| Jesús M. Míguez Miramontes | Coordinador TFG | LI31, bloque A, 2ª planta | 812386 | jmmiguez@uvigo.es |
| Manuel Ángel Pombal Diego | Coordinador Prácticas Externas | LI26, bloque A, 2ª planta | 812390 | pombal@uvigo.es |
| Armando Caballero Rúa | Titor | D14, bloque B, 3ª planta | 812568 | armando@uvigo.es |
| Mª Luisa Castro Cerceda | Titora | LI22, bloque A, 1ª planta | 812599 | lcastro@uvigo.es |
| Emma Fernández Covelo | Titora | D21, bloque B, 3ª planta | 812561 | emmaf@uvigo.es |
| Emilio Gil Martín | Titor | D12 bloque B, 3ª planta | 812570 | egil@uvigo.es |
| Raúl Iglesias Blanco | Titor | LI38 bloque A 3ª planta | 812394 | rib@uvigo.es |
| Mª Fuencisla Mariño Callejo | Titora | LI47, bloque B, 2ª planta | 812580 | mmarino@uvigo.es |
| Manuel Megías Pacheco | Titor | D22, bloque B, 3ª planta | 812560 | mmegias@uvigo.es |
| Juan J. Pasantes Ludeña | Titor | LI68, bloque C, 2ª planta | 812577 | pasantes@uvigo.es |
| Nuria Pedrol Bonjoch | Titora | LI16, bloque A, 1ª planta | 812616 | pedrol@uvigo.es |
| Manuel A Pombal Diego | Titor | LI16 bloque A, 2ª planta | 812390 | pombal@uvigo.es |

O marxe dos recursos humanos propios da facultade incluídos nas táboas anteriores, durante o curso 2019-20 contarase coa participación activa de persoal da Fundación da Universidade de Vigo co obxectivo de realizar obradoiros de asesoramento e orientación no ámbito laboral e de persoal da biblioteca que desenvolven un curso *on-line* en primeiro e cuarto de grao. Así mesmo, considerarase a participación doutros recursos humanos (egresados, Colexio Oficial de Biólogos, etc.) co fin de aportar información das saídas profesionais da Bioloxía, que poidan ser de interese para os/as futuros/as graduados/as.

Para o desenvolvemento das actividades previstas no PAT impulsarase a coordinación entre os distintos axentes implicados, mediante reunións entre os titores de cada curso cos coordinadores de curso e coordinadores xerais do PAT, favorecendo así a homoxeneidade das actuacións que se desenvolven.

Así mesmo, o seguimento e coordinación das actividades do Plan realizarase principalmente a través das reunións acordadas entre os axentes participantes no PAT (coordinadores, titores de curso e de alumnos...).

## Recursos materiais

Con respecto aos **recursos materiais,** contarase con aqueles medios (físicos e virtuais) de apoio dispoñibles no centro e na Universidade de Vigo, así como tamén materiais de tipo informativo e incluso didáctico que poidan facilitar outras institucións ou servizos do entorno.

A xestión do PAT lévase a cabo mediante a plataforma informática (BioPAT), dende a cal tanto os coordinadores de curso, como os titores dispoñen de toda a información relativa ao PAT e dende a cál envian informes, convocan ós alumnos, etc. Deste xeito, as coordinadoras do PAT acceden a toda a información que achegan os titores e a xestionan dunha forma moito mais eficaz. Dita aplicación é usada de forma rutineira por todos os titores para a realización dos informes, así como polos coordinadores de curso e coordinadoras do PAT. A súa fácil utilización fai desta plataforma unha ferramenta moi útil para a xestión de toda a información do PAT.

| Recursos Materiais implicados no PAT | | |
|---|---|---|
| Material | Tipo de soporte | Localización |
| Manual do PAT | Informático/Impreso | http://bioloxia.uvigo.es/es/alumnado/plan-de-accion-tutorial |
| Informe Final do PAT | Informático/Impreso | http://bioloxia.uvigo.es/docs/alumnado/pat/informe_final_PAT_2018-19.pdf |
| Web do PAT | Informático | http://biopat.webs.uvigo.es/aplicacion/login.php |
| Web da Facultade | Informático | http://bioloxia.uvigo.es/es/ |
| Web da Universidade | Informático | http://www.uvigo.gal/ |
| Guía da Facultade | Informático/Impreso | http://bioloxia.uvigo.es/es/facultad/presentacion/guia-de-la-facultad |
| Guías de Titulación | Informático/Impreso | http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/guias-docentes |
| Guía do Estudante | Informático/Impreso | http://bioloxia.uvigo.es/es/alumnado/alumnado-nuevo/guia-del-estudiante |

O centro habilitará as **aulas ou espazos** para o desenvolvemento das reunións de grupo co alumnado e entre los distintos implicados no funcionamento do plan. Esta información, xunto co calendario do PAT e os titores asignados a cada grupo de alumnos, publicarase anualmente antes do comezo do curso e será aprobada en Xunta de Facultade.

Ademais, está habilitado na **plataforma tema** un espazo virtual para cada curso, onde os Coordinadoras do PAT e os de curso, así como os titores de alumnos, poden realizar consultas cos alumnos e aportar información de interese.

| Plataforma TEMA | |
|---|---|
| Acceso xeral: www.faitic.uvigo.es | |
| Acceso | Destinatarios |
| Titoría-coordinación 1ª de grao (V02G030V01_PAT1) | Alumnado de 1ª grao<br>Coordinadores/as de materias de 1º<br>Titores/as do alumnado de 1º |
| Titoría-coordinación 2ª de grao (V02G030V01_PAT2) | Alumnado de 2ª grao<br>Coordinadores/as de materias de 2º<br>Titores/as do alumnado de 2º |
| Titoría-coordinación 3ª de grao (V02G030V01_PAT3) | Alumnado de 3ª grao<br>Coordinadores/as de materias de 3º<br>Titores/as do alumnado de 3º |
| Titoría-coordinación 4ª de grao (V02G030V01_PAT4) | Alumnado de 4ª grao<br>Coordinadores/as de materias de 4º<br>Titores/as do alumnado de 4º |

Así mesmo, tanto o profesorado como o alumnado titorizado poderán facer uso dos seus **correos electrónicos para realizar as convocatorias das reunións** que consideren necesarias, aínda que **é totalmente recomendable que as reunións se leven a cabo de maneira presencial nas datas establecidas polo centro (aprobadas na Xunta de Facultade) para tal fin.**

# 4. As Actividades do PAT

As actividades do PAT van dirixidas a todo o alumnado da titulación de Grao de Bioloxía do Centro, prestando unha especial atención aos estudantes de novo ingreso e aos que finalizan estudos universitarios, xa que este alumnado se caracteriza por vivir un momento de inseguridade e desorientación ante a súa nova realidade.

Ademais a titoría persoal será esencial ao longo dos cursos que compoñen o título universitario, como garante dunha formación de calidade e apoio ás dificultades e necesidades que poidan sufrir os estudantes no seu transcurso académico, evitando así altos índices de abandono e/ou fracaso nas titulacións.

As liñas de actuación que se expoñen a continuación tratan de responder ás necesidades detectadas no alumnado do Centro ao longo do seu avance nos estudos universitarios. Pódense clasificar en cinco tipos básicos de accións, sendo a primeira delas común a tódalas demais:

- Accións de Organización.
- Accións de Acollida.
- Accións de Apoio á Formación.
- Accións de Orientación Profesional.
- Atención á Diversidade.

## Accións de Organización

Se realizarán unha serie de sesións informativas encamiñadas a presentar os contidos e o desenvolvemento das acción previstas no PAT. Estas sesións serán realizadas polos Coordinadores/as do PAT o inicio do curso e se dirixen sobre todo os profesores que farán de titores.

O finalizar o curso, os Coordinadores/as do PAT xunto cos titores procederán a realizar unha análise e avaliación en base ás evidencias recollidas durante todo o período académico, xunto cos datos aportados nun breve cuestionario de satisfacción que o alumnado deberá encher. Ademais, recolleranse todas aquelas queixas e suxestións que puideran xurdir desde calquera dos axentes implicados no PAT. Trátase con elo de analizar as dificultades e problemas detectados e introducir as melloras que se consideren necesarias no plan cara o vindeiro curso. Todas estas cuestións formarán parte dunha memoria final do PAT que corre a cargo da coordinación do PAT.



## Accións de Acollida




No novo curso 2019-2020, organizarase para o alumnado de primeiro de grao unha semana cero na que ademais da benvida por parte do decano desenrolaranse ao longo de catro días, diferentes actividades relacionadas con distintos aspectos sobre o grao, a facultade, etc. (http://bioloxia.uvigo.es/es/alumnado/alumnado-nuevo/semana-cero). Ao longo desta semana, o equipo decanal e os coordinadores de cada curso farán sesións de acollida que incluirán información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos, de apoio, igualdade, deportes, etc.), do centro (aulas, laboratorios, salas de informática, biblioteca, secretaría de alumnado, decanato, normativas, delegación de alumnos, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, competencias, horarios, participación do alumnado na xestión do centro, enquisas, mobilidade, etc.). Así mesmo, ofrécese información

concreta sobre os aspectos organizativos e os recursos humanos e materiais do PAT. Para completar esta semana, dentro do ámbito académico impártese unha conferencia relacionada coa bioloxía.

Xa no segundo semestre, os coordinadores de curso farán sesións de seguimento da actividade titorial, asesorarán sobre a planificación do semestre e intercambiarán ideas e reflexións sobre os aspectos que lles preocupen ou interesen ao alumnado. O final de curso os coordinadores de cada curso reuniranse co seu alumnado para intercambiar impresiones sobre os resultados acadados e supervisarán que os alumnos realicen as enquisas de satisfacción do PAT.

## Accións de apoio á Formación

Serán accións que desenrolará o profesor-titor co grupo de alumnos que titoriza, ou ben de forma individual sempre que o alumno ou o profesor así o acorden. Se distribúen a longo do curso abordando diferentes aspectos que responderán, por un lado, á propia actividade académica e, por outro lado, ás circunstancias que vaian xurdindo en relación con dita actividade.



Tralas avaliacións, o titor fará fincapé no rendemento académico dos alumnos e tratará de aportar solucións aos problemas detectados, orientando na toma de decisións cara a mellora do rendemento. O final do curso, o titor orientará na preparación de materias non superadas ou calquera outra cuestión de interese, de forma que o alumno poida planificar axeitadamente o seguinte curso.

## Accións de Orientación Profesional

Este bloque ten como destinatario principal o alumnado que finaliza os seus estudos universitarios (4º curso de Grao) e necesita asesoramento ante a nova situación que se lle presenta, xa que deberá decidir que facer co seu futuro máis próximo: inserción no mundo laboral (currículo, entrevistas, estratexias de procura de emprego...), continuar coa súa formación académica (doutoramento, mestrados, cursos de postgrao), etc. Neste senso, organizaranse obradoiros en colaboración cos servizos da Universidade (FUVI), con organismos representativos da profesión (Colexio de Biólogos e outros) ou con egresados da titulación, sempre que sexa posible.

## Atención á Diversidade

As actividades deste bloque serán desenvoltas a través do Gabinete Psicopedagóxico. Nos casos no que o profesor-titor detecte algún tipo de necesidade específica de apoio educativo para algún alumno, comunicará este feito os Coordinadores do PAT para que o poñan en contacto co citado servizo co fin de recibir asesoramento ante o caso presentado.

# 5. A avaliación do PAT

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre: i) os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan; ii) a idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados.

Os datos da avaliación constituirán unha ferramenta esencial, xa que proporcionarán a información precisa para as decisións que se vaian tomando durante a planificación e o desenvolvemento das actividades, así como trala finalización de todo o proceso de titorización, permitindo una optimización do PAT para os vindeiros anos.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar resultados, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia na educación. De acordo a elo, establécense tres fases no proceso de avaliación:

**Inicial:** detectando o punto de partida despois da análise de necesidades, para axustar a intervención e previr.

**Continua:** o desenvolvemento da actividade orientadora e titorial será obxecto dunha avaliación continua de carácter formativo, co obxectivo de favorecer a inclusión das modificacións precisas, se fose o caso.

**Final:** inclúe a valoración global das accións realizadas, onde se analizará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

A información recollida durante o proceso de avaliación do PAT trasladarase ao Informe Final do PAT que en si mesmo constitúe o rexistro R2-DO-0203 PI do SGIC.

Dito informe recolle:

1.- Grao de cumprimento do PAT mediante o análise das actividades realizadas.

2.- Avaliación da satisfacción do alumnado sobre o PAT mediante a realización de enquisas en todos os cursos.

3.- Avaliación da satisfacción dos/as titores/as sobre o PAT mediante a realización de enquisas en todos os cursos.

4.- Informe global do PAT. Curso 2018-19.

Todo elo permitirá levar a cabo unha análise global do proceso e formular cambios e melloras si fosen necesarios.

# Anexos

# Anexo I

- ACTIVIDADES DE TITORIA
- CALENDARIOS
- TITORES/AS DO ALUMNADO
- FICHAS DE EVIDENCIAS

## CURSO: 1º de GRAO

# Actividades de Titoría de 1º de Grao

As actividades do PAT van dirixidas a todo o alumnado da titulación de Grao de Bioloxía. Non obstante, debe prestar unha especial atención aos/ás estudantes de novo ingreso que inician a súa andadura universitaria e que descoñecen a maior parte dos asuntos da vida académica e dos servizos de apoio que a Universidade lles presta.

Por tanto, o PAT debe recoller estas circunstancias particulares do alumnado e incidir especialmente naquelas actividades que están relacionadas con información da vida universitaria en xeral, e do ámbito interno da Facultade e dos seus estudos, en particular. Ademais, debe de prestar una especial atención ás sesións titoriais de seguimento do proceso de adaptación e integración do alumno na vida universitaria, a fin de detectar aqueles asuntos que poidan condicionar o seu rendemento.

Tendo en conta estas consideracións, elaborouse a seguinte táboa-calendario de actividades de titoría para os estudantes de 1º de Grao durante o curso 2019-20.

## CALENDARIO DE 1º DE GRAO

### ➢ Actividades de Organización

| RESPONSABLE | ACTIVIDADES | CONTIDOS | TIPO | DATA |
|---|---|---|---|---|
| Coordinadores/as do PAT | *1.- Presentación do PAT* | - Designación de Titores.<br>- Presentación do PAT a Titores.<br>- Calendario de actividades.<br>- Asignación Titores-Alumnos. | Grupal | Inicio do curso |
| Coordinadores/as do PAT | *2.- Seguimento continuo do PAT* | - Recollida de evidencias.<br>- Asesoramento e apoio as titorías.<br>- Seguimento das actividades do PAT.<br>- Resolver dificultades. | Grupal | Todo o curso |
| Coordinadores/as e Titores/as | *3.- Análise e avaliación final do PAT* | - Cuestionarios de satisfacción do alumnado.<br>- Cuestionarios de satisfacción de Titores<br>- Análise das evidencias de seguimento.<br>- Análise de dificultades.<br>- Elaboración da memoria final. | Grupal | Final do curso |

## Actividades de Acollida e Coordinación

| RESPONSABLE | ACTIVIDADES | CONTIDOS | TIPO | DATA |
|---|---|---|---|---|
| Decano/a | *1.- Acto de Benvida e presentación do Grao* | - Información xeral sobre a universidade, o centro e a titulación. | Grupal | 9 setembro (11:00 h) |
| Coordinadores/as do PAT | *2.- Plan de Acción Tutorial (PAT) e Enquisas* | - Presentación ao alumnado do PAT.<br>- Vantaxes de participar en dito plan.<br>- Información das enquisas que se celebraran ao longo do curso e a súa importancia. | Grupal | 9 setembro (12:00 h) |
| Responsable Servizo Deportes | *3.- Presentación do Servizo* | - Coñecendo o área de benestar, saúde e deporte. | Grupal | 9 setembro (13:00 h) |
| Representante da delegación de alumnos | *7.- Presentación da Delegación de Alumnos de Bioloxía* | - Presentación por parte dun membro da delegación de alumnos de esta asociación. | Grupal | 9 setembro (13:30 h) |
| Equipo Decanal | *4.- Guías docentes e competencias* | - Explicar aos alumnos as guías docentes e a súa importancia.<br>- Informar aos alumnos sobre as competencias da titulación. | Grupal | 10 setembro (10:00 h) |
| Vicedecano de Relacións Externas | *5.- Programas de Mobilidade* | - Información sobre os programas de mobilidade | Grupal | 10 setembro (11:00 h) |
| Coordinador/a de curso | *8- Sesión informativa de acollida* | - Presentación do coordinador de curso.<br>- Información sobre servizos ao Alumnado (apoio a estudantes, FUVI, OFOE, SIOPE, ORI, deportes, bolsas), etc.<br>- Organización do curso: cuadrimestres, materias, horarios, avaliacións...<br>- Presentación das Titorías.<br>- Cuestionarios iniciais cos datos dos alumnos. | Grupal | 12 setembro (12:30 h) |
| Coordinador/a de curso | *9.- Sesión de seguimento* | - Seguimento da actividade titorial.<br>- Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo cuadrimestre.<br>- Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese. | Grupal | 28 xaneiro (11:30 h) |
| Coordinador/a de curso | *10.- Sesión final e avaliación do PAT* | - Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e titorial.<br>- Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT. | Grupal | 22 maio (9:00 h) |

## Actividades de Apoio a Formación (Titorías)

| RESPONSABLE | ACTIVIDADES | CONTIDOS | TIPO | DATA |
|---|---|---|---|---|
| Profesor/a da titulación | *Conferencia Inaugural* | | Grupal | 10 setembro (12:15 h) |
| Biblioteca UVigo | *Sesión de acollida da biblioteca* | - Presentación ao alumnado da biblioteca. Normas de funcionamento. | Grupal | 11 de setembro (10-12:00 h) |
| Equipo decanal | *Obradoiro de comunicación* | - O alumnado participará nun obradoiro sobre técnicas de comunicación. | Grupal | 11 de setembro (10-12:00 h) |
| Equipo decanal | *Coñecendo as normas* | - O alumnado será informado sobre as normas xerais da facultade, e as normas para traballar no laboratorio e no campo. | Grupal | 11 de setembro (12:00 h) |
| Titor/a de alumnos/as* | *1.- Reunión*<br>*Sesión de Presentación e Planificación* | - Presentación do Titor/a e do Alumnado.<br>- Información das titorías e o seu desenvolvemento.<br>- Asesoramento cara a planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.).<br>- Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita.<br>- Outros asuntos de interese para o alumno. | Grupal | 27 setembro (11:00 h) |
| Titor/a de alumnos/as | *2.- Reunión*<br>*Sesión de Seguimento* | - Valorar a planificación (cronograma) de actividades das materias.<br>- Asegurar que o alumnado coñece as guías docentes, traballos non presenciais, sistemas de avaliación, etc.<br>- Reflexión sobre o enfoque e as dificultades do traballo (asistencia a clase, traballo non presencial, traballo en equipo, estudo continuo...). | Grupal | 7 novembro (11:00 h) |
| Titor/a de alumnos/as | *3.- Reunión*<br>*Sesión de Seguimento* | - Asesorar na planificación e organización temporal do estudo cara os exames.<br>- Detectar posibles dificultades de adaptación o curso ou de seguimento das materias.<br>- Reflexións sobre motivación, inseguridade, expectativas, etc. | Grupal | 10 decembro (10:00 h) |
| Titor/a de alumnos/as | *4.- Reunión*<br>*Sesión de Seguimento e Planificación* | - Análise do rendemento académico e dificultades atopadas<br>- Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre. | Grupal | 28 xaneiro (12:30 h) |
| Titor/a de alumnos/as | *5.- Reunión*<br>*Sesión de Seguimento* | - Seguimento da planificación das actividades do semestre. Detección de problemas.<br>- Reflexión sobre o enfoque e as dificultades do traballo (asistencia a clase, traballo non presencial, traballo en equipo, estudo continuo...). | Grupal | 17 marzo (10:00 h) |
| Titor/a de alumnos/as | *6.- Reunión*<br>*Sesión final de curso* | - Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas.<br>- Preparación para convocatoria de xullo (si procede).<br>- Reflexións cara o seguinte curso e expectativas. | Grupal | 5 xuño (11:00 h) |

* Os profesores titores que necesiten un aula para a realización da titoría deberán reservala previamente e informar o grupo de alumnos que titorizan. O resto de profesores utilizará o seu despacho e/ou laboratorio.

# Listado de Titores/as e alumnos/as (1º Grao)

## TITORES/AS

**TITOR:** Profesor GUILLERMO FRANCÉS PEDRAZ gfrances@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** D45 (bloque C, 3ª planta)

**TITORA:** Profesora MERCEDES GALLARDO MEDINA medina@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI17 (bloque A, 1ª planta)

**TITOR:** Profesor PEDRO PABLO GALLEGO VEIGAS pgallego@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI20 (bloque A, 1ª planta)

**TITOR:** Profesor LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ luis@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI21 (bloque A, 1ª planta)

**TITOR:** Profesor MARCOS A. LÓPEZ PATIÑO mlopezpat@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI25 (bloque A, 2ª planta)

**TITOR:** Profesor JESÚS M. MÍGUEZ MIRAMONTES jmmiguez@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI31 (bloque A, 2ª planta)

**TITOR:** Profesor ROGELIO SANTIAGO CARABELOS rsantiago@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI5 (bloque A, planta baixa)

**TITORA:** Profesora Mª DEL PILAR SUÁREZ ALONSO psuarez@uvigo.es

**Despacho/Laboratorio:** LI56 (bloque B, 3ª planta)

# ALUMNADO

O listado do alumnado e a súa distribución nos grupos titoriais proporcionarase a principio de curso cando se dispoña dos listados de matriculación. A selección de titores se fará entre o profesorado que o solicite trala convocatoria que se faga chegar desde o decanato antes do inicio do curso.

Plan de Acción Titorial

Curso 2019/2020 | 1º GRAO

# Ficha de datos iniciais do alumnado

*(A recoller polo **coordinador/a de curso** durante a sesión informativa de acollida)*

| PLAN DE ACCIÓN TITORIAL | | | DIN |
|---|---|---|---|
| ***Titulación*** | ***Bioloxía*** | ***Curso*** | ***1º Grao*** |
| Apelidos e nome | | D.N.I. | |
| Lugar de nacemento | | Data de nacemento | |
| Datos de contacto | Dirección | | |
| | Teléfono | | e-mail |
| Motivación para a elección da titulación | | | |

| ***TRAXECTORIA ACADÉMICA*** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Estudos previos en relación con materias da rama de ciencias | | | | | |
| Modalidade de Bacharelato | | | | Nota selectividade | |
| Das seguintes materias, indica cun X cales cursaches no bacharelato: | Física | Química | Matemáticas | Xeoloxía | Bioloxía |
| | | | | | |
| Outros estudos ou formación complementaria | | | | | |

| ***CONTEXTO DE ESTUDOS*** | |
|---|---|
| Forma de sufragar gastos (axuda familiar, bolsa, traballo,..) | |
| Posibilidade de asistencia a clase | |
| Tempo potencial de estudo diario | |
| Forma de abordar o estudo (organización, grupal ou individual,...) | |

| ***MODELO LINGÜÍSTICO*** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Lingua | Nivel de dominio | | | | |
| | 1 (descoñece) | 2 | 3 (normal) | 4 | 5 (excelente) |
| Galego | | | | | |
| Castelán | | | | | |
| Inglés | | | | | |
| Outros (cales) | | | | | |
| | | | | | |

| ***HABILIDADES DE TRABALLO E PERSOAIS*** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Ferramenta | Nivel de dominio | | | | |
| | 1 (descoñece) | 2 | 3 (normal) | 4 | 5 (excelente) |
| Internet | | | | | |
| Word | | | | | |
| Power Point | | | | | |
| Excel | | | | | |
| Procesado de imaxes | | | | | |
| Técnicas comúns de laboratorio (pesar, medir pH..) | | | | | |
| Habilidades | Nivel de dominio | | | | |
| | 1 (descoñece) | 2 | 3 (normal) | 4 | 5 (excelente) |
| Adaptación as normas | | | | | |
| Capacidade de traballo en equipo | | | | | |
| Autoestima | | | | | |
| Capacidade crítica | | | | | |

| ***OUTROS*** | SI | NON |
|---|---|---|
| ¿Foi a bioloxía a túa primeira opción? | | |
| ¿Dentro das túas actividades formativas, profesionais ou de ocio son os estudos de bioloxía a túa primeira opción? | | |
| ¿Tes conexión a internet no teu lugar de estudo? | | |
| ¿Tes ordenador? | | |
| Indica si te matriculaches da materia de química en inglés. | | |

# Ficha de Seguimento de Titorías

Como se indicou no apartado Recursos materiais do PAT, os informes serán enviados a través da páxina web do PAT de Bioloxía (BioPAT). Indícase o modelo de formulario incluído en dita páxina.



Informe de Tutoría

2º GRADO

Nombre del tutor

Reunión

Fecha prevista: 18-09-2014

Fecha de realización: 18-09-2014

Alumnos asistentes:

| Asistencia | Nombre del Alumno |
| --- | --- |
| ☐ | Alumno 1 |
| ☐ | Alumno 2 |
| ☐ | Alumno 3 |
| ☐ | Alumno 4 |
| ☐ | Alumno 5 |
| ☐ | Alumno 6 |
| ☐ | Alumno 7 |
| ☐ | Alumno 8 |
| ☐ | Alumno 9 |

Informe de la reunión:

Informe de caracter prioritario: ☐
(Se enviará correo a los coordinadores)

Guardar como provisional: ☐

Gardar y Enviar

# Ficha de Actividades de Coordinación

O contido deste informe será recollido na aplicación informática BioPAT polos coordinadores de curso e Coordinadoras do PAT nas sesións que se celebren durante o curso. Indícase o modelo de formulario incluído en dita páxina.



Curso: 1º GRADO

Fecha de realización: 05-07-2016

Asistentes:

CONTENIDO DE LA REUNIÓN

Motivo de la reunión:

Temas tratados:

Resumen de la reunión:

Gardar y Enviar

# Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado 1º GRAO

*(A recoller polos **coordinadores de curso** na derradeira sesión do curso)*

*Valora de 1 a 5 (1: moi mal; 2: mal; 3: regular; 4: ben; 5: moi ben) os seguintes apartados.*

*Marque con X a opción desexada*

1. *Consideras que foi axeitada a información ofrecida sobre o Plan de Acción Titorial (PAT)?*

| 1 | | 2 | | 3 | | 4 | | 5 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

2. *Consideras adecuada a organización e coordinación das distintas actividades do PAT?*

| 1 | | 2 | | 3 | | 4 | | 5 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

3. *En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?*

| 1 | | 2 | | 3 | | 4 | | 5 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

4. *En que grao resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?*

| 1 | | 2 | | 3 | | 4 | | 5 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

5. *En que grao consideras que as datas das distintas actividades foron axeitadas?*

| 1 | | 2 | | 3 | | 4 | | 5 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

6. *Consideras axeitadas a forma en que se desenrolaron as titorías?*

| 1 | | 2 | | 3 | | 4 | | 5 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

7. *Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos*

| | Moi mal | Mal | Regular | Ben | Moi ben |
|---|---|---|---|---|---|
| *Información das convocatorias de reunións* | | | | | |
| *Desenvolvemento das sesións* | | | | | |
| *Claridade da información recibida* | | | | | |
| *Atención persoal aos alumnos* | | | | | |
| *Aclaración de dúbidas* | | | | | |

8. *Que modificarías do PAT (datas, actividades, contidos das reunións…)?*

*Grazas pola túa colaboración*

# Anexo II

- ACTIVIDADES DE TITORIA
- CALENDARIOS
- TITORES/AS DO ALUMNADO
- FICHAS DE EVIDENCIAS

## CURSO: 2º de GRAO

# Actividades de Titoría de 2º de Grao

O Plan de Acción Titorial que se desenvolve no Grao de Bioloxía establece que a titoría persoal e esencial ao longo dos cursos que compoñen o título universitario, como garante dunha formación de calidade e apoio ás dificultades e necesidades que poidan ter os/as estudantes no seu transcurso pola Universidade, evitando así altos índices de abandono e/ou fracaso na titulación.

O Plan deseñado para 2º de Grao pretende consolidar unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do alumnado, normalizando as distintas accións e alcanzando un axeitado equilibrio entre as súas expectativas e os obxectivos que se pretenden alcanzar no Grao de Bioloxía. En coherencia coas directrices xenéricas do PAT, os profesores titores asignados aos alumnos en 1º de Grao no curso anterior, continuarán a súa labor de titorización nos seguintes cursos académicos, excepto que se solicite un cambio por parte do alumno ou do titor, ou en caso de que se proceda a reorganizar os grupos.

